

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015207	IES O Couto	Ourense	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	6
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	7
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	8
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Idealmente buscarase desenvolver neste curso un ou varios proxectos interdisciplinares en colaboración con distintos axentes sociais.

Esta programación didáctica prepárase para ser levada á práctica no IES O Couto, situado no barrio de O Couto, na cidade de Ourense, nunha área de modestas posibilidades económicas e que provee ó centro dun alumnado moi diverso en canto a orixes sociais e culturais, aportando unha riqueza excepcional pero tamén dificultades noutros ámbitos (como por exemplo a dificultade para a adquisición de linguas do alumnado que provén de outros países, ou a existencia de situacións persoais e familiares moi complicadas). Estas dificultades deben afrontarse en moitos casos sen recursos suficientes de espazos ou persoal, especializado ou non, o que en xeral complica moito a realización dunha apropiada atención á diversidade.

O grupo seleccionado de 4º ESO está composto por cinco alumnas e alumnos que proveñen do grupo de Diversificación. O reducido do grupo facilita moito neste caso unha atención personalizada e permitirá á súa vez acometer proxectos, se ben posiblemente de envergadura limitada, que axuden a mellora-la súa motivación, competencia e desempeño en diferentes ámbitos.

Os aspectos anteriores serán tidos en conta no desenvolvemento desta programación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxectos (I). Definición.	Realización de proxectos que desenvolvan as capacidades do alumnado, potenciando a súa motivación, independencia e creatividade.	33	11	X	X	X
2	Proxectos (II). Execución.	Realización de proxectos que desenvolvan as capacidades do alumnado, potenciando a súa motivación, independencia e creatividade.	34	13	X	X	X
3	Proxectos (III). Presentación.	Realización de proxectos que desenvolvan as capacidades do alumnado, potenciando a súa motivación, independencia e creatividade.	33	11	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxectos (I). Definición.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Proxectos (II). Execución.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Proxectos (III). Presentación.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación do proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Ó longo de todo o curso levaranse a cabo diversos proxectos.

As actividades propostas estarán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar a motivación, a independencia e a creatividade e desenvolver a confianza, a autoestima, a autonomía e o traballo en equipo.

A metodoloxía centrarase no desenvolvemento de proxectos sobre os que o grupo decidirá, orientando o desenvolvemento cara ós seus propios intereses e inxerencias, buscando potenciar a seguridade no propio traballo a través da realización das capacidades e aptitudes de cada persoa e o crecemento persoal nun contexto de aprendizaxe e cooperación no grupo.

#### **4.2. Materiais e recursos didácticos**

<b>Denominación</b>
Ordenador.
Aula taller
Equipamento dispoñible no centro

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases variará segundo a dispoñibilidade das aulas e a actividade a realizar.

#### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

A avaliación final farase a partir das observacións recollidas nas primeiras sesións do curso. A medida que se desenvolvan as actividades prestarase atención ás necesidades que puideran xurdir, ó efecto de poder dar resposta ás mesmas de maneira axeitada.

#### **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>33</b>	<b>34</b>	<b>33</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

#### **Criterios de cualificación:**

Para calcular a cualificación da materia teranse en conta globalmente o comportamento na aula, a implicación e o traballo nos proxectos, a colaboración con compañeiras e compañeiros, e o desempeño nas actividades realizadas. A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

#### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados nos diversos proxectos. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente. De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade na aula terase en conta no desenvolvemento das actividades, fomentando sempre a maior realización individual, valorando as capacidades e identificando as necesidades para adaptar dinámicamente cada tarefa, tendo en conta tamén a evolución de cada persoa no desenvolvemento da materia. Prestarase unha atención individualizada ó longo do curso, respondendo tamén a calquera necesidade de reforzo identificada na aula, polo Departamento de Orientación ou polo equipo docente. Fomentarase a cooperación entre persoas do grupo de traballo, apoiando e xerando apoios e ofrecendo ó mesmo tempo posibilidades de ampliación ó alumnado que puidera necesitar avanzar a un ritmo maior.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

**Observacións:**

No deseño de actividades e á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoveranse a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas de traballo e actividades adicionais	Actividades relacionadas cos proxectos ou os obxectivos da materia e a etapa.	X	X	X

**Observacións:**

Participarase en saídas e actividades cando estas sexan de relevancia para o desenvolvemento dos obxectivos da materia e a etapa.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.



Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.

#### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O desenvolvemento das unidades didácticas farase a partir de proxectos, para os cales a temporalización será dinámica e adaptable, valorándose en cada punto a maneira de levar a cabo e organizar o traballo seguinte para lograr acadar o mellor posible os obxectivos da materia atendendo á diversidade do grupo e ós contextos atravesados a medida que avanza o curso académico. O seguimento e a implementación de melloras serán por tanto partes integrais do propio desenvolvemento da programación ó longo de todo o proceso.

### **9. Outros apartados**